Nome da parroquia: Borela (San Martiño) **Código: 03**

Delimitación:

Situada no sur do concello, a parroquia de Borela limita ao norte coas parroquias de Santiago de Viascón, San Martiño de Rebordelo e Santiago de Loureiro, ao leste coa parroquia de Santa María de Aguasantas, ao sur co concello de Pontecaldelas e ao oeste coas parroquias de San Lourenzo de Almofrei e Santiago de Viascón.

Estrutura territorial

Esta parroquia ten un tamaño grande e unha forma asimilable a un cadrado.

En canto á topografía, case toda a parroquia está en pendente, baixando cara o suroeste, e son poucas as zonas horizontais, situadas principalmente ao pé do curso dos ríos Almofrei, Borela e Pequeno. Cara a parte sur da parroquia aparecen un conxunto de montes que separan a parroquia do concello de Pontecaldelas, onde destaca o Coto dos Lobos con 526 metros de altitude. Cara o leste destaca o Coto da Corrida con 587 metros, cara o norte destaca o alto de Sistalto con 603 metros, e na parte noroeste aparece o Coto da Torre como elevación destacable con 536 metros.

O Río Cornide é o curso de auga máis importante da parroquia e percorre a parte oeste con dirección sur a norte.

Os ríos Almofrei, Borela e Pequeno son os cursos de auga máis relevantes da parroquia. O Almofrei, que nace na parroquia de Santiago de Caroi, entra en Borela polo norte e corre en dirección suroeste. Antes de abandonar a parroquia recibe auga do río Borela que fai un percorrido oeste a este e que nace en Pontecaldelas con nome de rego da Chan de Borela. Este recibe, á súa vez, auga do río Pequeno que nace preto do Monte da Penacadeira.

Xerarquía dos asentamentos

A parroquia de San Martiño de Borela está composta por dez núcleos recoñecidos asentados no centro e no norte da parroquia. A estrada PO-233 ampla e co firme en boas condicións, atravesa a parroquia polo noroeste cruzando o lugar de Pazos, sendo este o núcleo máis grande da parroquia que se desenrola no val do rego Almofrei, ocupando unha ampla superficie. Desta vía parten diversas estradas terciarias que comunican o lugar de Pazos cos diversos asentamentos situados no centro da parroquia. Estes últimos atópanse moi xuntos o longo das estradas que os conectan formando un continuo construído. Asemade existe unha estrada da Diputación que comeza na Graña e continúa cara ó sur.

Se nos fixamos no tamaño e o número de vivendas dos núcleos tradicionais, Aldea de Abaixo e O Picoto pódense considerar pequenos, pola contra, Pazos ten un tamaño importante.

En canto á súa organización, podemos distinguir dous modelos: un primeiro que se asenta sobre un camiño que se adapta á topografía evitando as grandes pendentes e dá como resultado un núcleo alongado e, en xeral, pouco compacto como é o caso de A Senra e Ponte Borela, e un segundo modelo de forma circular ou similar e que soe posuír un elemento central, que pode ser un espazo ou simplemente un cruzamento, sendo as máis das veces lugares compactos e cos límites claros. O núcleo de A Graña pertencería a este.

Obsérvanse dúas formas de crecemento dos núcleos: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas baleiras con vivendas e construcións auxiliares novas.

As zonas da parroquia nas que se construíu un maior número de vivendas modernas aparecen ao redor do lugar de Pazos, ao pé da estrada PO-233 onde hai un total de dezanove vivendas novas asi como a zona sur do mesmo núcleo onde hai vinte e dúas vivendas novas. Outro núcleo formado maioritariamente por vivendas novas e o lugar de Os Currás, onde hai dez.

A maior parte das vivendas novas construídas nesta parroquia non están ligadas ao desenvolvemento de actividades agro-gandeiras, senón que teñen unha función estrictamente residencial.

O parcelario da parroquia soe ser de pequeno ou mediano tamaño e forma irregular, nos núcleos. Na periferia hai varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da división das anteriores e de gran tamaño xeralmente de propiedade veciñal.

Clasificación dos núcleos

Segundo a súa estrutura e morfoloxía, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, ten a consideración de **núcleo rural histórico-tradicional** os lugares de A Brea e A Senra. Ten a consideración de **núcleo rural común** o lugar de Os Currás. Por último, teñen a consideración de **núcleo rural complexo** os lugares de A Aldea de Abaixo, A Cavada, A Costa, A Graña, Pazos, O Picoto e A Ponte Borela.

Tipoloxía dos edificios

Se falamos da edificación tradicional, dicir que son casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos:

- O primeiro, e probablemente máis antigo, ten pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos.
- O segundo tipo, e máis frecuente, ten planta rectangular, caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a propia vivenda.

Como arquitecturas singulares podemos destacar unha casa con imaxe en Aldea de Abaixo e unha casa popular con hórreo na Brea. Como obra civil son de destacar o acueducto e a ponte existentes en Ponte Borela. No tocante as construccións de índole relixiosa, a igrexa parroquial de San Martiño xunto coa Reitoral sitúanse na Costa. Tamén temos a Capela da Nosa Señora de Lourdes en Ponte Borela e a Capela de San Roque en Pazos. Asemade existe o viacrucis de Borela e diversos petos de ánimas e cruceiros espallados pola parroquia. Como elementos etnográficos singulares temos o palco da música e o lavadoiro en Borela, un pombal en A Senra e un conxunto de hórreos en Pazos.

As vivendas de nova construcción varían en forma e tamaño, pero pódense asimilar a unha de planta cadrada con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou escaleiras, cuberta a dúas ou catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais. Hai casos nos que se emprega o perpiaño en fachada.


SACOS (SANTA MARÍA)
SACOS (SAN XURXO)
CARBALLEDO
CORREDOIRA
VIASCON
CAROI
LOUREIRO
REBORDELO
TENORIO
VALONGO
BORELA
ALMOFREI
AGUASANTAS

08.06- QUINTEIRO DE ABAIXO (O)
08.05- POZO NEGRO (O)
08.03- LOURENZOS (OS)
08.01- FACHO (O) (1)
08.07- QUINTEIRO DE ARRIBA (O)
08.02- LAGOAS (AS)
08.01- FACHO (O) (2)
08.08- SALGUEIRO (O) (1)
03.07- PAZOS (1)
03.07- PAZOS (2)
03.07- PAZOS (4)
03.07- PAZOS (3)
03.07- PAZOS (10)
03.07- PAZOS (5)
03.07- PAZOS (9)
03.07- PAZOS (6)
03.07- PAZOS (7)
03.07- PAZOS (8)
11.10- RASCADERÍA (1)
11.10- RASCADERÍA (2)
11.10- RASCADERÍA (3)
02.07- XESTEIRA (A) (1)
03.08- PICOTO (O) (1)
03.09- PONTE BORELA (A) (1)
03.08- PICOTO (O) (2)
02.07- XESTEIRA (A) (2)
03.01- ALDEA DE ABAIXO (A)
03.06- GRAÑA (A) (1)
03.04- COSTA (A)
03.09- PONTE BORELA (A) (2)
03.02- BREA (A)
03.10- SENRA (A)
03.03- CAVADA (A)
03.06- GRAÑA (A) (2)
03.05- CURRÁS (OS)

codificación

- vivenda tradicional
- vivenda moderna
- alpendre tradicional
- alpendre moderno
- equipamento
- hórreo tradicional
- hórreo moderno
- outras construcións tradicionais
- granxa
- nave industrial / terciario

oau oficina de arquitectura urbanismo y planificación

plan xeral de ordenación municipal

documento aprobación inicial

Concello de Colobade

modelo de asentamento poboacional
Borela (San Martiño)

M-1.03(a)

marzo 2013

escala: 1/5.000









codificación

- vivenda tradicional
- vivenda moderna
- alpendre tradicional
- alpendre moderno
- equipamento
- hórreo tradicional
- hórreo moderno
- outras construcións tradicionais
- nave industrial / terciario
- granxa

tipificación do núcleo

- núcleo rural histórico-tradicional
- núcleo rural común
- límite do núcleo rural histórico-tradicional
- límite do núcleo rural común
- límite do núcleo rural complexo

elementos catalogados

- patrimonio arquitectónico
- patrimonio arqueoloxico

dotacións e infraestruturas

- límite de parcela de equipamento
- límite de parcela de espazo libre ou zona verde
- límite da infraestrutura

codificación

- área de cautela de elem. do cat. arqueoloxico (GR II-3)
- área de respecto de elem. do cat. arquitectónico
- GA36032000 clave de correspondencia co catálogo arqueoloxico
- P-00-00 clave de correspondencia co catálogo arquitectónico
- SLE-SC000 pr-ex clave de correspondencia coas dotacións

oau oficina de arquitectura urbanismo y planificación

plan xeral de ordenación municipal

documento de aprobación inicial

Concello de Cotobade

modelo de asentamento poboacional
Borela (San Martiño)

M-03(b)

marzo 2013

escala : 1/2.000

NÚCLEO	ALDEA DE ABAIXO	NÚMERO	03.01	PARROQUIA	BORELA (SAN MARTIÑO)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL	C-3.13

TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sur do Concello, núcleo no centro da parroquia.
	Topografía	Predominio das pendentes suaves. A orientación principal é oeste.
	Poboación	12
	Tipo	Mononuclear pouco compacto.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria.	
	Estado: Accesos de tamaño medio-pequeno e co asfalto en bo estado en xeral, pero algo antigo. Vías interiores, en xeral estreitas e co asfalto antigo e deteriorado.	
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen dous tipos: de tamaño medio e formas irregulares ou estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores . A ocupación é media coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e máis a de nova construción, teñen unha organización máis aberta e dispersa.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado por sete vivendas tradicionais e asentado ao pé dun camiño.A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños, no centro preto unhas das outras e nos seus bordes separadas entre si, dando lugar a un núcleo con límites claros aínda que pouco denso.
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra na que se ocupa unha parcela baleira no núcleo coa vivenda e as construcións auxiliares novas.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e palleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a propia vivenda. Gran parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono. A vivenda nova ten planta rectangular, baixo e un andar, cuberta a dúas augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos soen ter dous ou tres tramos apoiados sobre cepas, os frontais e os costais de pedra, acceso á cámara por un frontal e cuberta a dúas augas de lousa de pedra, colocados nos arredores da vivenda e, nalgúns casos, sobre o peche cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	7	6	1	-	18

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	parcial	si	si	si

EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación	SUP: m^2
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM	C-03-01	Cruceiro-peto de ánimas	
	P-03-01	Casa con imaxe	

NÚCLEO	A ALDEA DE ABAIXO	NÚMERO	03.01	PARROQUIA	BORELA (SAN MARTIÑO)

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Sete casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e próximas entre si, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, conformando todas elas un lugar identificable e acoutable de pequeno tamaño que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao pé dun camiño, e que permanece case inalterado, polo que o ámbito delimitado defínese como núcleo rural histórico-tradicional.
Delimítase, por outra banda, unha zona cara o noroeste de tamaño e características adecuadas para o crecemento do núcleo e que recolle a vivenda moderna situada a pouca distancia das vivendas tradicionasi, e defínese este ámbito como núcleo rural común.
O lugar de A Aldea de Abaixo ten a consideración de **núcleo rural complexo.**

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie bruta NRHT(m^2)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	7	2	77,78	9.525,65	

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRC	Parcelas edificables NRC	Consolidación (%)	Superficie bruta NRC (m^2)	6,63
	1	1	50	2.539,92	

Fotografía aérea de A Aldea de Abaixo.

NÚCLEO	A BREA	NÚMERO	03.02	PARROQUIA	BORELA (SAN MARTIÑO)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL	C-3.13

TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sur do Concello, núcleo no centro da parroquia.
	Topografía	Predominio das pendentes suaves, pero puntualmente fortes, e a orientación suroeste.
	Poboación	14
	Tipo	Mononuclear moi compacto.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estrada EP-0407.	
	Estado: Accesos de tamaño medio-pequeno e co asfalto en bo estado en xeral, pero algo antigo. Vías interiores estreitas e co asfalto en mal estado.	
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño medio e forma irregular. A ocupación é moi alta coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior poden aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e máis a de nova construción, teñen unha organización máis aberta e dispersa.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño e de forma asimilable a un círculo, asentado ao pé da estrada EP-0407 e sobre un camiño que o atravesa e que se adapta á topografía evitando as fortes pendentes. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños, moi preto unhas de outras e formando grupos de vivendas con medianiles e conformando un núcleo moi compacto.
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas baleiras con vivendas e construcións auxiliares novas. Aparecen dúas vivendas novas, unha ao pé da estrada EP-0407 e outra cara o noroeste do lugar.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e palleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a propia vivenda. Gran parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono. As vivendas novas soen teñen planta cadrada con anexos, cuberta a dúas augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos soen ter dous ou tres tramos apoiados sobre cepas, os frontais e os costais de pedra, acceso á cámara por un frontal e cuberta a dúas augas de lousa de pedra, colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación bo , en xeral, aínda que vairable. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	21	19	2	-	36

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	si	si	si	si

	Ref.	Denominación	SUP: m²
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES			
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM	P-03-02	Casa popular con hórreo	

NÚCLEO	A BREA	NÚMERO	03.02	PARROQUIA	BORELA (SAN MARTIÑO)

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Deazanove casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e moi próximas entre si, conformando todas elas un lugar compacto, identificable e acoutable de tamaño pequeno que segue a tipoloxía de núcleo asentado sobre un camiño e que permanece case inalterado, unicamente aparecen dúas vivendas modernas entre as tradicionais, polo que se define como **núcleo rural histórico-tradicional**.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie bruta NRHT(m^2)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	9	1	90	13.838,46	15,18

Fotografía aérea de A Brea.

NÚCLEO	A CAVADA	NÚMERO	03.03	PARROQUIA	BORELA (SAN MARTIÑO)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL	C-3.13

TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sur do Concello, núcleo no centro da parroquia.
	Topografía	Predominio das pendentes suaves e tramos horizontais, e a orientación este.
	Poboación	12
	Tipo	Mononuclear moi compacto con vivendas diseminadas.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estrada EP-0407.	
	Estado: Accesos de tamaño medio-pequeno e co asfalto en bo estado en xeral, pero algo antigo. Vías interiores estreitas ou moi estreitas co firme moi deteriorado en xeral.	
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño pequeno ou forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen dous tipos: de tamaño medio e formas irregulares e estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é bastante alta coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e máis as de nova construción, teñen unha organización máis aberta e dispersa.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño, forma circular e integrado por seis vivendas tradicionais agrupadas de tal xeito que unha delas está rodeada polas demais a modo de elemento central. A edificación e as construcións auxiliares, algunha delas rodeada con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e moi preto unhas das outras dando lugar a un núcleo moi compacto.
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou enriba, e outra que consiste na ocupación de parcelas baleiras con vivendas e construcións auxiliares novas. Aparecen dúas vivendas novas ao pé da estrada EP-0407, cara o leste.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e palleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a propia vivenda. Gran parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono. As vivendas novas teñen planta cadrada con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou mesmo escaleiras, cuberta a dúas augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos soen ter dous ou tres tramos apoiados sobre cepas, os frontais e os costais de pedra, acceso por un frontal e cuberta a dúas augas de lousa de pedra, colocados nos arredores da vivenda e presentado un estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	7	6	1	-	26

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	si	si	si	si

	Ref.	Denominación	SUP: m²
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	SLE-SC0301	Casa da Vila de Borela	929,53
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM			

NÚCLEO	A CAVADA	NÚMERO	03.03	PARROQUIA	BORELA (SAN MARTIÑO)

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Seis casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e moi próximas entre si, conformando todas elas un lugar identificable e acoutable de pequeno tamaño que segue a tipoloxía de núcleo circular cun elemento central, e que permanece case inalterado, polo que o ámbito delimitado defínese como núcleo rural histórico-tradicional.
Delimítase, por outra banda, unha zona de tamaño e características adecuadas para o crecemento do núcleo e que recolle unha vivenda moderna e a Casa da Vila, situadas fóra do núcleo tradicional, e defínese este ámbito como núcleo rural común.
O lugar de A Cavada ten a consideración de **núcleo rural complexo**.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie bruta NRHT(m^2)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	7	3	70	7.216,57	

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRC	Parcelas edificables NRC	Consolidación (%)	Superficie bruta NRC(m^2)	5,44
	3	1	5.658,17	75	

Fotografía aérea de A Cavada.

NÚCLEO	A COSTA	NÚMERO	03.04	PARROQUIA	BORELA (SAN MARTIÑO)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL	C-3.13

TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sur do Concello, núcleo no centro da parroquia.
	Topografía	Predominio das pendentes moderadas, pero con alternancia de tramos fortes e suaves, e a orientación oeste e sur.
	Poboación	18
	Tipo	Mononuclear disperso.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas EP-0407 e da rede terciaria.	
	Estado: Accesos de tamaño medio-pequeno e co asfalto en bo estado pero algo antigo, por un lado,e accesos estreitos e co asfalto nun estado deficiente, por outro. Vías interiores , en xeral, estreitas con asfalto ou formigón en mal estado.	
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é baixa coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e as de nova consttrución teñen unha organización máis aberta e dispersa.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño asentado ao pé dun camiño principal que se adapta á topografía para evitar as fortes pendentes, composto por un unha parte lineal rematada co conxunto parroquial e a reitoral, e por un rueiro de tres vivendas cara o leste. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e separadas entre si, dando lugar a un núcleo lineal e disperso.
	Núcleo recente	Atopamos dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou enriba, e outra que consiste na ocupación de parcelas baleiras con vivendas e construcións auxiliares novas. Aparecen dúas vivendas novas e varias granxas na estrada EP-0407.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e palleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a propia vivenda.Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos de pedra, soen ter dous ou tres tramos apoiados sobre cepas, os frontais e os costais de pedra, acceso á cámara por un frontal e cuberta a dúas augas de lousa de pedra, colocados nos arredores da vivenda e, nalgún caso, sobre o peche cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	20	17	3	-	64

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	si	si	si	si

	Ref.	Denominación	SUP: m^2
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	SLV-ZV0302	Campo da Festa	1554,04
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM	C-03-02	Cruceiro do campo da festa	
	C-03-07	Viacrucis	
	P-03-03	Casa reitoral	

NÚCLEO	A COSTA	NÚMERO	03.04	PARROQUIA	BORELA (SAN MARTIÑO)

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Catorce casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e separadas unhas das outras,formando todas elas un lugar identificable e acoutable de tamaño pequeno que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo dun camiño, e que permanece case inalterado, polo que se delimitan dous ámbitos, un que recolle as tres vivendas do rueiro e outro de maior tamaño a parte lineal, e defínese como núcleo rural histórico-tradicional. Delimítanse, por outra banda, dúas zona de tamaño e características adecuadas para o crecemento do núcleo e que recollen as tres vivendas modernas, as granxas e tres casas tradicionais situadas fóra da delimitación de núcleo histórico-tradicional, e defínense estes ámbitos como núcleo rural común.
O lugar de A Costa ten a consideración de **núcleo rural complexo**.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie bruta NRHT(m^2)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	14	9	60,87	36.838,51	

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie bruta NRHT(m^2)	2,45
	10	18	35,71	44.807,42	

Fotografía aérea de A Costa.

NÚCLEO	OS CURRÁS	NÚMERO	03.05	PARROQUIA	BORELA (SAN MARTIÑO)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL	C-3.13

TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sur do Concello, núcleo no centro da parroquia.
	Topografía	Predominio das pendentes suaves ou moderadas e a orientación norte.
	Poboación	Sen datos
	Tipo	Mononuclear pouco compacto.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria.	
	Estado: Accesos estreitos e co asfalto antigo. Vías interiores, en xeral estreitas e co asfalto en mal estado.	
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen dous tipos: de tamaño medio e formas irregulares e estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é baixa aínda que moi variable coas construcións separadas dos camiños en xeral, e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as de nova construción teñen unha organización máis aberta e dispersa.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado soamente por tres vivendas tradicionais separadas unhas das outras e asentadas en diferentes camiños que parten dun principal, dúas cara o leste e unha cara o oeste. A edificación e as construcións auxiliares, algunha delas rodeada con peche de pedra e portal, sitúanse separadas dos camiños, e distantes entre si, configurando un lugar moi disperso e con límites difusos.
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou enriba, e outra que ocupa parcelas baleiras con vivendas e construcións auxiliares novas. Neste lugar produciuse un crecemento moi importante, hai dez vivendas de nova construción en total.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e palleiras. - O segundo tipo, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a propia vivenda. Todas as vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As vivendas novas soen ter planta rectangular con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou mesmo escaleiras, cuberta a dúas ou catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais. Hai varias vivendas con perpiaño en fachada.	
